

## Eusebio Lorenzo Baleirón

Ai amigo, andan os cabalos cegos. Anda a névoa madurecida a cair sobre de nós como se fora cinza. E a tua voz pervive, abrolla un verso así tan fresco no rumor das sombras. A chuvia eterna mollándonos de amor, mentres levamos as trabes do teu corpo — esa armazón que fora unha harpa no vento — de cara á escura oquidade onde habita a lembranza.

Pola banda de Laíño a chuvia é agora outro cantar; a voz leve e perpétua de Rosalía faille coro ó desgarrado da tua voz ceifada antes de tempo. Morrer así, en agraz, pero co froito aceso, levar o corazón ateigado de soños, fundir en chumbo o novelo inaugural dos versos, e a gadaña das horas apremiándote. Ai amigo, xa vén sen azas o mencer, a negra sombra a gargalladas nos campos de Laíño, a negra sombra. E nós tan orfos como se o ceo se alzara de amianto.

¿Qué verde flama te arderá nos ollos? A soedade da paisaxe que vai continuar, e tí tan lonxe, no fondo desde agora cimentado, a silueta do mar e tanta ausencia, que as aves non serán como antes foran. O teu xasmin de mozo xa vidrado a perfumar as eiras. Pois que non morre o alento, vivifícase en luz, vai aos pombais nesa hora clarísima da tarde e debulla o cantar, desfai a brétema, alza unha copa de ouro na ledicia. E o lábio a pronunciar sílaba a sílaba: EUSEBIO LORENZO BALEIRON, e a memoria, esa gravura do correr dos días, a reter o teu xesto, acaso a nidia desenvoltura do andar, e a risa case feliz, xa no silencio a convidarnos sempre.

Se non fora esa pesada mágoa a perfurarte: A MORTE PRESENTIDA.

15/12/86

Antón Avilés de Taramancos